

ANUNCIO DE LICITACIÓN

De conformidade co Acordo alcanzado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 24.10.2016, por medio do presente anuncio se efectúa convocatoria do procedemento aberto para a adxudicación do contrato de ~~Asistencia técnica para a prestación dos servizos complementarios e de colaboración á xestión recadatoria municipal en período executivo, a xestión administrativa e recadación das multas de tráfico e a colaboración na xestión en materia catastral do Concello de Monforte de Lemos.~~

1. **ENTIDADE ADXUDICADORA**
 - a. Organismo: Concello de Monforte de Lemos.
 - b. Dependencia tramitadora: Secretaría-Servizo de Contratación.
 - c. Número de expediente: 041-SERVPA16

2. **OBXECTO DO CONTRATO**
 - a. Descrición do obxecto: Asistencia técnica para a prestación dos servizos complementarios e de colaboración á xestión recadatoria municipal en período executivo, a xestión administrativa e recadación das multas de tráfico e a colaboración na xestión en materia catastral
 - b. División por lotes: Non.
 - d. Duración: 1 ano
 - e. Admisibilidade de prórrogas: Sí, ata un máximo de 2 anos.
 - f. CPV: 74141100-0; 74274300-3; 74850000-2 e semellantes.

3. **TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN**
 - a. Tramitación: Ordinaria.
 - b. Procedemento: Aberto.

4. **ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO**
 - a. Orzamento base de licitación: 123.818,74 €/anuais (IVE engadido).
 - b. Valor estimado do contrato: 204.659,08 €.

5. **GARANTÍA DEFINITIVA**
 - a. Contía: 5% do importe de adxudicación excluído o IVE.

6. **OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN**
 - a. Perfil do contratante: www.concellodemonforte.com
 - b. Entidade: Concello de Monforte de Lemos.
 - c. Enderezo: Campo de San Antonio, s/n -27400-Monforte de Lemos (Lugo).
 - d. Teléfono: 982.402.501 (ExtS.-260-262).

7. **PRESENTACIÓN DAS OFERTAS**
 - a. Data límite de presentación: 15 DÍAS NATURAIS a contar dende o día seguinte o da publicación deste anuncio no BOP.
 - b. Documentación a presentar: A sinalada na cláusula 14ª do Prego de cláusulas administrativas particulares .
 - c. Lugar e forma de presentación: As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de Santo

Antonio s/n, na localidade de Monforte de Lemos, CP. 27400 (LUGO), en horario de 9.00 a 14.00 horas. Se o último día de prazo finaliza en sábado, ou festivo entenderase prorrogado ao inmediato hábil seguinte.

Cando as proposicións se envíen por correo, o interesado deberá xustificar a data e hora de imposición do envío da oficina de correos e anunciar ao órgano de contratación, **dentro do día establecido como prazo de presentación**, a remisión da oferta mediante Fax (núm. 982.40.48.12) ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

8. **APERTURA DE OFERTAS**

- a. Segundo o establecido na cláusula 11ª Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a licitación.


9. **CRITERIO DE ADXUDICIÓN**

- a. Os recollidos na cláusula 12ª do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

10. **GASTOS DE ANUNCIOS**

- a. Serán pola conta do licitador que resulte adxudicatario até o límite máximo de 1.500,00.-€.

Monforte de Lemos, 24 de outubro de 2016.- O Alcalde, José Tomé Roca.



The image shows a blue ink signature and a circular official stamp. The stamp contains the text 'CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS' around the perimeter. The signature is written over the stamp.